



**BASES DA CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA RESERVA DE PROFESORES/AS DE TROMPETA PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)**

**Primeira. Obxecto da convocatoria.**

O obxecto das presentes bases é a elaboración, mediante o sistema de oposición, dunha Lista reserva de profesores/as de trompeta para o conservatorio municipal aos efectos de contratacións futuras motivadas por baixas por enfermidade e outras ou ausencias xustificadas prolongadas.

**Segundo. Condicións**

O carácter do contrato será temporal, segundo o establecido no artigo 15.3 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Duración do contrato: segundo o motivo que dé lugar á contratación, ao abeiro da lexislación vixente.

As condicións serán as establecidas no Convenio colectivo do Concello da Estrada. As retribucións a percibir serán as do traballador/a substituído/a de ser o caso ou equivalente ao propio da categoría, que figuran na RPT en vigor.

A contratación ten por obxecto impartir clases de Trompeta no Conservatorio Municipal de Música (18 horas semanais).

**Terceira. Condicións dos aspirantes**

Para poder formar parte na presente convocatoria, os aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate do prazo de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do Título superior de Música na especialidade de Trompeta (Real Decreto 631/2010, do 14 de maio; Real Decreto 617/1995, do 21 de abril); título de Profesor Superior ou título de Profesor do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión, na mesma data do remate do prazo para presentar





instancias, da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que .....sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Que non fora ou estea separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Local ou doutras Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercizo de funcións públicas.

f) Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

#### **Cuarta. Presentación de solicitudes.**

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello , na sede electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria en dous diarios de gran difusión da comarca. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da instancia conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación mediante un correo electrónico ao enderezo [persoal@aestrada.gal](mailto:persoal@aestrada.gal), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Para ser admitidos a tomar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicións sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañarase :

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia do título requerido.

c) Xustificante de coñecemento de lingua galega ( Celga 4 ou equivalente), de posuílo.

d) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición ( a cantidade a aboar serán 20,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191) ; no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza.

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

#### **Quinta. Admisión dos aspirantes**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A lista publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal . No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.

No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de dous días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.





**Sexta. Tribunal calificador**

Estará constituído polos seguintes membros:

**Presidente:**

Titular: D. Javier Comesaña Pereira (Director do Conservatorio Profesional do Concello da Estrada).  
Suplente: Dna. M<sup>a</sup> Rita Rivas de la Iglesia (Economista do Concello de A Estrada).

**Secretario:**

Titular: D. Iván Novo Bello (Profesor de violín do Conservatorio Profesional de Música do Concello de A Estrada).  
Suplente: Dna. Rosa Montero Vecino (Directora da Gardería Municipal).

**Vogais:**

Titular: D. Ángel Morales Domínguez (Profesor de Percusión do Conservatorio Profesional de Música do Concello da Estrada).

Suplente: Dna. Cristina Zatarain Andrés (Profesora de piano do Conservatorio Profesional de Música do Concello da Estrada).

Titular: D. Francisco Lorenzo Romero (Profesor de Armonía do Conservatorio Profesional do Concello da Estrada).

Suplente: Dna. Isabel Gude García (Profesora de violonchelo do Conservatorio Profesional de Música do Concello de A Estrada).

Titular: D. Pelayo Redondo Lissarrague (Profesor de Guitarra do Conservatorio Profesional do Concello da Estrada).

Suplente: Dna. Carmen Gómez Otero (Interventora do Concello de A Estrada).

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación de admitidos e excluídos ás probas, así como a data e lugar de celebración do exercicio.

Os aspirantes excluídos, poderán no prazo de 2 días, subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que dera motivo a exclusión.

**Sétima. Comezo dos exercicios**

- 1.- A data e a hora do primeiro exercicio publicarase xuntamente coa relación da lista definitiva de admitidos.
- 2.- As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

**Oitava. Exercicios da oposición**

Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo os seguintes exercicios:

**Parte teórica:**

Consistirá no desenvolvemento por escrito de un tema do programa que se acompaña á convocatoria, elixido polo aspirante de entre cinco extraídos ao chou polo tribunal, inmediatamente antes de





comenzar a proba. Para a realización de este exercicio escrito, os aspirantes disporán dun máximo de unha hora, tendo ampla liberdade en canto á forma de exposición.

**Parte práctica:**

Consistirá na interpretación dunha obra de libre elección por parte do aspirante e na impartición dunha clase de duración máxima de 30 minutos

O exercicio, obrigatorio e eliminatorio, será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima media de cinco puntos. Para elo será necesario obter unha cualificación mínima en cada parte (teórica e práctica) de 2,5 puntos

**Proba de galego**

Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os/as aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os/as restantes opositores/as terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os/as aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

**Novena. Cualificación final e relación de aprobados**

A cualificación obtida polas persoas aspirantes será o resultado da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.

**Décima .Funcionamento da Lista Reserva**

A lista terá unha vixencia de tres anos. Se un aspirante renuncia á contratación implicará que o aspirante pasará ao derradeiro lugar da lista. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato igualmente pasará a ocupar o derradeiro lugar da lista. Os aspirantes que estiveran contratados, unha vez rematado o período de contratación, volverán a ocupar o lugar que tiñan na lista por orde de puntuación. Cando completen un ano de contratación (con un ou sumando varios contratos), unha vez rematado o contrato que dou lugar ao chamamento, pasarán a ocupar o último lugar da lista.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

**Décimo primeira. Protección de datos**

Os/as aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello da Estrada, con sede en Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada (Pontevedra), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso o de oposición.





**Décimos segunda . Carácter vinculante das bases**

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

**Décimo terceira. Incidencias e recursos**

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Asimesmo, poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO TEMARIO**

- 1.- A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
- 2.-Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- 3.-Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
- 4.-Democracia directa e democracia respresentativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
- 5.- O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
- 6.- A Monarquía Parlamentaria. A Coroa: significado e retribucións. O referendo.
- 7.- As Cortes Xerais. Composición e funcións.
- 8.- O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu Presidente.
- 9.-A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
- 10.-O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
- 11.-A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
- 12.-Os Estatutos de Autonomía. Significado e contido.
- 13.-O Estatuto de Autonomía da Comunidade de Galicia. Estructura. Competencias.
- 14.-O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
- 15.-O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellerías: estrutura básica.
- 16.-Réxime Local Español. Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.





- 17.-O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito Español.
- 18.-O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.
- 19.-Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos Colexiados locais.
- 20.-Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 21.-Historia xeral dos instrumentos de vento metal: orixes e antepasados da trompeta moderna.
- 22.-A trompeta moderna: Descrición das súas características construtivas. Mantemento e conservación.
- 23.-Aspectos fundamentais da elección do instrumento. Instrucións de montaxe e conservación.
- 24.-Distintos tipos de trompeta: características construtivas e sonoras. Uso de boquillas nos distintos tipos de trompeta.
- 25.-Características sonoras do instrumento. Principios físicos da produción do son nos tubos sonoros.
- 26.-Fundamentos teóricos dos sons harmónicos. A afinación. Efectos sonoros.
- 27.-Técnicas de concienciación corporal: relaxación física e mental, concentración, hábitos da postura, respiración, control e visualización mental, medo escénico.
- 28.-Descrición e funcionamento do aparello respiratorio. Aspectos anatómicos e fisiomecánicos máis importantes en relación coa técnica da trompeta.
- 29.-Descrición e funcionamento do aparello respiratorio. Colocación do corpo e do instrumento en posición sentada e ergueita.
- 30.-A técnica da trompeta: principios fundamentais. Formación da columna de aire e o seu control na técnica xeral da trompeta.
- 31.-A técnica xeral da trompeta: principios fundamentais: Emisión do son: utilización dos músculos faciais, da lingua, dos beizos e doutros elementos.
- 32.-A técnica xeral da trompeta: principios fundamentais. Formación da embocadura. Diferentes tipos de ataque. A articulación.
- 33.-Achega ao desenvolvemento da técnica moderna dos grandes instrumentistas e pedagogos.
- 34.-. Evolución das diferentes escolas e sistemas pedagóxicos específicos do instrumento.
- 35.- Estudo comparativo das concepcións teóricas e técnicas das diferentes escolas.
- 36.-Os diferentes métodos, coleccións de estudos, exercicios e outros materiais pedagóxicos. Bibliografía especializada relacionada co instrumento e a súa didáctica.
- 37.-Características, referidas á evolución do estilo da escritura instrumental e da interpretación do repertorio para trompeta do Renacemento e o Barroco.
- 38.- Obras para trompeta solista, música de cámara e orquestra barroca.
- 39.-Características, referidas á evolución do estilo da escritura instrumental e da interpretación do repertorio para trompeta dos mestres do Clasicismo.
- 40.-Obras para trompeta solista, música de cámara e orquestra do clasicismo.
- 41.-Características, referidas á evolución do estilo da escritura instrumental e da interpretación, do repertorio para trompeta do Romanticismo, Posromanticismo e Impresionismo.
- 42.-Obras para trompeta solista, música de cámara e orquestra no período do Romanticismo, Posromanticismo e Impresionismo.
- 43.-Características, referidas á evolución do estilo da escritura instrumental e da interpretación do repertorio para trompeta desde o inicio do século XX ata os nosos días.
- 44.-Aproximación á música contemporánea e aos novos recursos compositivos, formais e de notación.





- 45.-A trompeta na orquestra e na banda. Características do repertorio para ambas as formacións. Evolución ao longo das diferentes épocas.
- 46.-A trompeta no jazz. Características do repertorio e da súa interpretación. Cifrados e improvisación.
- 47.-Programación de actividades colectivas nas ensinanzas elementais: repertorio, conceptos relacionados coa linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos.
- 48.-Programación de actividades colectivas nas ensinanzas profesionais: repertorio, conceptos relacionados coa linguaxe musical, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación e outros aspectos.
- 49.-A música de cámara nas ensinanzas profesionais: repertorio, análise, técnica de interpretación en grupo, audición, improvisación, lectura a vista e outros. Criterios pedagóxicos para a elección do repertorio.
- 50.-Descrición e estudo comparativo dos sistemas metodolóxicos máis importantes de iniciación ao instrumento. Criterios didácticos para a selección de repertorio no nivel inicial.
- 51.-Criterios didácticos para a selección do repertorio nas ensinanzas elementais e profesionais.
- 52.-A creatividade e o seu desenvolvemento. Creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: Técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, intelixencia musical e personalidade artística.
- 53.-A creatividade e o seu desenvolvemento. O desenvolvemento do espírito emprendedor: cualidades, habilidades, actitudes e valores que engloba o espírito emprendedor.
- 54.-Métodos e desenvolvemento da autonomía no estudo. Estratexias axeitadas.
- 55.-Principios da improvisación no instrumento: recursos, materiais e procedementos. Uso de novas linguaxes e notacións na improvisación.
- 56.-Lectura a vista. Técnicas, estratexias, análise aplicada e métodos. Criterios para a selección do material axeitado en cada nivel.
- 57.-A memoria. A educación da memoria como base para a formación do oído interno e o seu progresivo desenvolvemento. Tipos de memoria.
- 58.-Interdisciplinabilidade nos estudos da trompeta. A relación entre as distintas materias do currículo.
- 59.-A música como patrimonio cultural histórico-artístico. A relación da música coas correntes estéticas e con outras artes.
- 60.-Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao ensino e aprendizaxe do instrumento. Importancia do uso de software musical e da selección de recursos de internet.

A Estrada, á data da sinatura dixital

O ALCALDE

D. José C. López Campos

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**







**SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA RESERVA DE PROFESORES/AS DE TROMPETA (PERSOAL LABORAL TEMPORAL) PARA O CONSERVATORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DA ESTRADA**

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a do anuncio da convocatoria para a elaboración dunha Lista Reserva para a contratación de Profesores/as de Trompeta (laboral temporal) para o Conservatorio Municipal.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente.

Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- Título requirido
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuído (Celga 4 ou equivalente).
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición / Certificado de exención

A Estrada, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

(sinatura da persoa solicitante)

